

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

**Procedementos de control e impulso
Proposicións non de lei de iniciativa popular**

Coñecemento das sinaturas, admisión, publicación e prazo asunción

- 52 (12/PNL-000001)

Comisión Promotora

Proposición non de lei de iniciativa popular para a mellora nos centros educativos con medidas anuais en espazos lectivos

BOPG n.º 634, do 15.03.2024

A Mesa toma coñecemento do escrito da Xunta Electoral de Galicia (doc. núm. 10643), polo que comunica a acreditación das sinaturas válidas en relación coa proposición non de lei de iniciativa popular para a mellora nos centros educativos con medidas anuais en espazos lectivos (doc. núm. 52, 12/PNL-000001) e acorda:

1.º) Admitir a trámite a devandita proposición non de lei.

2.º) Publicar este acordo e o texto da proposición non de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.º) De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 16 apartados segundo e terceiro da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios poden asumir como propias e convertelas en proposicións non de lei en pleno ou en comisión no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Cámara. Tal e como prevé o artigo citado, de ser varios os grupos parlamentarios que manifesten a súa asunción será asignada a proposición non de lei ao primeiro que o solicite.

4.º) Notificar este acordo aos grupos parlamentarios, á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

María Elena Candia
López,
Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª, email=elena.candia.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.09.11 13:29:39 +0200

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1.ª

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia

Portavoz do Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Portavoz do Grupo Parlamentario Mixto



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 11/09/2024 13:29:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 11/09/2024 13:35:17
Nº Rexistro: 2677
Data envío: 11/09/2024 13:35:17.915

CSV: REXISTRO-azOz2tLh-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

